ACSUG

DECLARACIÓN AMBIENTAL ACSUG

ANO 2013

Edición 1	
Elaborado: Responsable de Calidade e Medio Ambiente Data: 10-03-2014	**Revisado e aprobado:** Director da ACSUG Data: 10-03-2014

ÍNDICE

Declaración Ambiental ACSUG

1. OBXECTO DO DOCUMENTO.

2. PRESENTACIÓN E ORGANIZACIÓN DA ACSUG.

3. POLÍTICA DE CALIDADE E MEDIOAMBIENTE.

4. SISTEMA INTEGRADO DE XESTIÓN.

5. ASPECTOS AMBIENTAIS.

6. OBXECTIVOS DE MEDIOAMBIENTE.

7. COMPORTAMENTO MEDIOAMBIENTAL.

8. DATOS DA VALIDACIÓN DA DECLARACIÓN AMBIENTAL.

ACSUG

07 MAR 2014

1. OBXECTO DO DOCUMENTO

Este documento ten por obxecto establecer a declaración ambiental da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) do ano 2013 segundo o establecido no Regulamento Europeo (CE) nº 1221/2009. A ACSUG está inscrita no rexistro EMAS desde o 02/06/2010, co número de rexistro ES-GA-000290.

A presente declaración está dispoñible na páxina web da ACSUG (www.acsug.es) e con ela faise pública a información ambiental da ACSUG, describindo o sistema de xestión implantado e o comportamento ambiental da ACSUG durante o período de análise, incluíndo especialmente a información relacionada cos aspectos ambientais significativos.

2. PRESENTACIÓN E ORGANIZACIÓN DA ACSUG

2.1. Presentación e datos de contacto

A ACSUG créase no ano 2001 baixo a figura xurídica dun consorcio entre a Xunta de Galicia e as tres universidades galegas (A Coruña, Santiago e Vigo).

Os datos de contacto da ACSUG son os seguintes:

Enderezo:	Rúa Lamas de Abade s/n Edificio CIFP Compostela, 5ª Planta 15702 Santiago de Compostela A Coruña
Teléfono:	+34 981 534173
Fax:	+34 981 534174
E-mail:	acsug@acsug.es
Páxina web:	www.acsug.es
CNAE:	913

07 MAR 2014

2.2. Misión e Visión

MISIÓN

A ACSUG ten a misión fundamental de contribuír á mellora da calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG), para o cal se levan a cabo accións de elaboración de informes, avaliación, certificación e acreditación das actividades que desenvolven as universidades galegas, especialmente as relacionadas coa docencia, a investigación, a transferencia de coñecemento e a xestión.

A ACSUG serve de soporte constante de recollida e canalización de información entre as universidades galegas, outras institucións e axentes sociais, de modo que contribúe a que o SUG se manteña permanentemente actualizado e adaptado ás necesidades sociais cambiantes.

VISIÓN

A ACSUG pretende ser un referente en canto á garantía de calidade das institucións de educación superior do SUG, e é recoñecida en Galicia, España e a nivel internacional pola súa independencia, transparencia e credibilidade.

2.3. Estrutura e organigrama



2.4. Principais servizos e actividades

- Verificación, seguimento e acreditación de programas e títulos.
- Establecemento de sistemas de garantía interna de calidade nas titulacións (programas FIDES e AUDIT)
- Realización de estudos e análises de inserción laboral.
- Avaliación docente do profesorado (programa DOCENTIA).
- Acreditación previa á contratación do profesorado polas universidades do SUG.
- Avaliación previa á asignación de complementos retributivos do profesorado.

07 MAR 2014

3. POLÍTICA DE CALIDADE E MEDIO AMBIENTE

A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) ten a misión fundamental de contribuír á mellora da calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG), para o cal se levan a cabo accións de elaboración de informes, avaliación, certificación e acreditación das actividades que desenvolven as universidades galegas, especialmente as relacionadas coa docencia, a investigación, a transferencia de coñecemento e a xestión.

A ACSUG serve de soporte constante de recollida e canalización de información entre as universidades galegas, outras institucións e axentes sociais, de modo que contribúe a que o SUG se manteña permanentemente actualizado e adaptado ás necesidades sociais cambiantes.

A Dirección da ACSUG, consciente da importancia de desempeñar os servizos dun xeito máis eficiente e de satisfacer as necesidades dos seus clientes e usuarios, decidiu levar a cabo a implantación dun Sistema de Xestión da Calidade e do Medio Ambiente, segundo as normas ISO 9001, ISO 14001 e o Regulamento EMAS.

A Dirección da ACSUG comprométese a establecer anualmente unha serie de obxectivos de calidade e medio ambiente e a velar polo seu cumprimento, tomando como marco de referencia esta política.

As directrices xerais relacionadas co Sistema de Xestión son as seguintes:

- Establecer unha sistemática documentada para asegurar a calidade dos servizos prestados e a mellora continua como norma habitual de actuación na ACSUG.
- Prestar aos clientes e usuarios servizos coa mellor calidade, acorde cos requisitos e especificacións establecidas e coa normativa ou lexislación vixente aplicable, garantindo especificamente o cumprimento da lexislación ambiental vixente aplicable, así como outros requisitos ambientais que voluntariamente se subscriban.
- Establecer un programa de formación continua para o persoal posibilitando unha mellora e adecuación constante dos servizos prestados.
- Análise da información, tanto propia como a recollida dos clientes e usuarios, para previr erros e mellorar a prestación dos servizos.
- Realizar as actividades de xeito que se minimicen os impactos ambientais negativos que puidesen levar asociadas.
- Procurar a eficiencia enerxética, a diminución dos consumos de materiais e outros recursos e a correcta xestión dos residuos xerados.
- O sistema atende ao principio de prevención da contaminación, incorporando os criterios ambientais nos seus ámbitos de influencia.
- Colaborar cos traballadores, cos provedores, coa administración e co público en xeral co obxecto de garantir a transparencia do Sistema de Xestión. Relacionado con este aspecto se realiza e fai pública cada ano unha declaración ambiental, que describe o comportamento e xestión ambiental levado a cabo pola ACSUG.

07 MAR 2014

AENOR Asociación Española de Normalización y Certificación

A eficacia e aplicación do Sistema de Xestión da ACSUG é responsabilidade directa da súa Dirección. No seu nome e representación, designouse un Responsable de Calidade e Medio Ambiente, o cal, en colaboración directa co persoal da axencia, supervisará a implantación, desenvolvemento e mantemento do Sistema de Xestión, avaliando a súa adecuación e aplicación correcta, identificando problemas, verificando a súa eficacia e coordinando as actividades con influencia nos servizos.

Esta política é revisada periodicamente nas xuntanzas do Consello de Dirección da ACSUG e comunicada a todo o persoal cunha actividade directa ou indirectamente relacionada co Sistema de Xestión, estando a disposición dos usuarios e público en xeral no taboleiro de anuncios e na páxina web.

4. SISTEMA INTEGRADO DE XESTIÓN

4.1. Alcance do sistema

- Prestación dos servizos de avaliación do profesorado previa á contratación polas Universidades de Galicia e avaliación para a asignación de complementos retributivos.
- Prestación dos servizos de avaliación de títulos, asesoramento e seguimento dos Sistemas de Garantía Interna de Calidade dos Centros do Sistema Universitario de Galicia (Programa FIDES-AUDIT), seguimento da implantación de modelos de avaliación da actividade docente do profesorado nas Universidades de Galicia (Programa DOCENTIA) e realización de estudos e análises de inserción laboral.

4.2. Mapa de procesos



07 MAR 2014

5. ASPECTOS AMBIENTAIS

Podemos entender como **aspecto ambiental** todo elemento das actividades, produtos ou servizos da ACSUG que pode interactuar co medio ambiente. Un **aspecto significativo** é aquel que ten ou pode ter un **impacto ambiental significativo**.

Entendemos como **impacto ambiental** calquera cambio no medio ambiente, xa sexa adverso ou beneficioso, como resultado total ou parcial dos aspectos ambientais da organización.

5.1. Identificación dos aspectos ambientais

A ACSUG ten establecido un procedemento para identificar os aspectos ambientais que poida controlar e sobre os que poida influír, orixinados como consecuencia das actividades, procesos e servizos incluídos no alcance do Sistema de Xestión.

A identificación faise en condicións de funcionamento normal (desenvolvemento habitual das actividades) e tamén en situacións de accidente/emerxencia potenciais tendo en conta para estas últimas a natureza da ACSUG e o historial de sucesos similares.

Ademais hai que distinguir entre os aspectos ambientais directos, que son os que dependen totalmente da ACSUG e os aspectos ambientais indirectos, sobre os cales a ACSUG non ten total control e dependen tamén de subministradores, clientes, usuarios, etc.

5.2. Criterios de avaliación dos aspectos ambientais

Despois de realizar a identificación dos aspectos ambientais, procédese a analizar e avaliar os aspectos para determinar aqueles que son significativos.

5.2.1 Criterios en funcionamento normal

Aspectos ambientais directos en funcionamento normal: téñense en conta os seguintes parámetros:
- *Nivel de toxicidade/natureza/tipo de aspecto.*
- *Cantidade producida.*
- *Frecuencia en que se produce.*
- *Medidas correctoras implantadas e xestión do aspecto.*

Aspectos ambientais indirectos en funcionamento normal: téñense en conta os seguintes parámetros:
- *Nivel de toxicidade/natureza/tipo de aspecto.*
- *Queixas, non conformidades, accións correctivas relacionadas.*
- *Frecuencia en que se produce.*
- *Medidas correctoras implantadas e xestión do aspecto.*

07 MAR 2014

AENOR Asociación Española de Normalización y Certificación

5.2.2 Criterios en situacións de emerxencia

Para os aspectos ambientais en situacións de emerxencia, analízanse os seguintes puntos:

- *Probabilidade que se produza a situación de accidente/emerxencia.*
- *Severidade dos danos ocasionados en caso de que suceda.*

5.3. Aspectos ambientais significativos

Na presente declaración ambiental preséntanse os **aspectos ambientais significativos da ACSUG para o ano 2014** despois de comparar o desempeño ambiental da ACSUG do ano 2013 con respecto ao 2012.

Aspectos significativos do 2014. Funcionamento normal

Aspecto ambiental	Tipo de aspecto	Directo/Indirecto	Impacto ambiental
Consumo de enerxía eléctrica	Consumo de enerxía	Directo	Esgotamento de recursos naturais
Consumo de gas propano	Consumo de enerxía	Directo/Indirecto	Esgotamento de recursos naturais
Emisións das caldeiras	Emisión atmosférica por forma de materia	Directo	Contaminación

Aspectos significativos do 2014. Situacións de emerxencia:

Non hai ningún aspecto significativo

07 MAR 2014

AENOR

6. OBXECTIVOS DE MEDIO AMBIENTE

RESUMO OBXECTIVOS ANO 2013

OBXECTIVO 1: Redución do consumo de papel por traballador/asistente nun 10% no 2013 con respecto ao 2012. (Aspecto ambiental: Consumo de papel)

COMPARACIÓN CONSUMO	¿CUMPRIMENTO OBXECTIVO?
17,05% MENOS	**SI**

OBXECTIVO 2: Redución do consumo de gas propano por traballador/asistente nun 1% no 2013 con respecto ao 2012. Igual redución nas emisións das caldeiras. (Aspecto ambiental: Consumo de gas propano)

COMPARACIÓN CONSUMO	¿CUMPRIMENTO OBXECTIVO?
17,73% MAIS	**NON**

OBXECTIVO 3: Redución dun 5% dos residuos de papel xerados por traballador/asistente no 2013 con respecto ao 2012. (Aspecto ambiental: Consumo de papel)

COMPARACIÓN CONSUMO	¿CUMPRIMENTO OBXECTIVO?
60,10% MENOS	**SI**

Hai que indicar que houbo un erro na presentación do obxectivo nº 3 do 2013 na anterior declaración ambiental. O obxectivo correcto é o que se presenta nesta declaración ambiental

COMENTARIOS DOS OBXECTIVOS DO 2013

Vese que se obtiveron moi bos resultados nos obxectivos de redución de consumo e xeración de residuos de papel. O aumento do consumo de gas propano ven motivado fundamentalmente entre os meses de febreiro a abril, onde por exemplo en marzo a temperatura media en Santiago foi de 3 grados menos no 2013 que no 2012 (fonte:www.meteogalicia.es). De todas maneiras será analizado especialmente o aumento do consumo de gas.

OBXECTIVOS MEDIO AMBIENTE ANO 2014

OBXECTIVO	ACCIÓNS
Redución do consumo de enerxía eléctrica por traballador/asistente nun 1% no 2014 con respecto ao 2013. (Aspecto ambiental: Consumo de enerxía eléctrica)	Control mensual do consumo de electricidade
	Axustar as condicións de funcionamento dos aparellos que máis consumen
	Recordar as boas prácticas ambientais ao persoal
	Comunicar aos asistentes a xornadas na ACSUG e aos avaliadores as recomendacións medioambientais
Redución do consumo de gas propano por traballador/asistente nun 3% no 2014 con respecto ao 2013. Igual redución nas emisións das caldeiras. (Aspecto ambiental: Consumo de gas propano)	Control mensual do consumo de gas
	Recordar as boas prácticas ambientais ao persoal
	Comunicar aos asistentes a xornadas na ACSUG e aos avaliadores as recomendacións medioambientais
	Facer especial énfase na purga dos radiadores, antes da posta en marcha da calefacción

07 MAR 2014

7. COMPORTAMENTO MEDIOAMBIENTAL

7.1. Implicación do persoal

No período de análise da presente declaración ambiental fíxose énfase na implicación do persoal da ACSUG en temas medioambientais, recordando as boas prácticas medioambientais e tratando o tema nas reunión internas de traballadores.

7.2. Lexislación medioambiental

A ACSUG ten unha listaxe de lexislación medioambiental que é revisada e actualizada tendo en conta os aspectos ambientais identificados e especialmente os aspectos ambientais significativos. Como mínimo cada 6 meses, o Consello de Dirección da ACSUG verifica a adecuación da lexislación ambiental identificada, así como o cumprimento dos requisitos establecidos nela.

Seguindo este procedemento, nas xuntanzas do Consello de Dirección do 2013, verificouse que a ACSUG cumpre cos requisitos legais establecidos na lexislación ambiental aplicable, citando como exemplos:

- Cesión das instalacións por parte da Xunta de Galicia para que ACSUG realice as súas actividades.
- Autorización de vertido e pago do canon de saneamento en relación coa rede de distribución de auga.
- Realización das revisións periódicas necesarias nas instalacións da ACSUG (ascensor, caldeiras, instalación eléctrica) e resultados positivos das mesmas.

Tamén na auditoría interna realizada en xaneiro de 2014 certificouse o cumprimento da lexislación por parte da ACSUG.

7.3. Resumo de consumos, residuos, etc.

A continuación faise un resumo da xestión ambiental da ACSUG en relación cos consumos, xestión dos residuos, etc, no período de análise da declaración ambiental.

Inclúense gráficas co consumo xeral no período de análise desta declaración e tamén gráficas relacionando este consumo xeral co número medio de traballadores/ asistentes da ACSUG.

Ano	Media de traballadores/asistentes da ACSUG
2013	15,45
2012	16,14

Ésta é a primeira vez que o análise de consumos se realiza tendo en conta este criterio. Este número calcúlase tendo en conta nos só aos traballadores da ACSUG, senón tamén os asistentes a reunións na axencia.

07 MAR 2014

Consumo de enerxía eléctrica







Durante o 2013 o consumo de electricidade por traballador-asistente reduciuse un 0,89% con respecto ao do 2012. As boas prácticas ambientais foron importantes nesta redución.

07 MAR 2014

AENOR Asociación Española de Normalización y Certificación

Consumo de gas propano







Durante o 2013 o consumo de gas por traballador-asistente aumentou un 17,73% con respecto ao 2012. Pódese observar como o incremento débese fundamentalmente aos meses de febreiro e marzo, con temperaturas medias máis baixas no 2013 que no 2012. (fonte: www.meteogalicia.es).

NOTA: Os valores dos consumo de gas das declaracións ambientais anteriores a esta estaban dados en KWh, en vez de en MWh

07 MAR 2014

Consumo de auga







A implantación de boas prácticas ambientais e o compromiso dos traballadores da ACSUG, das empresas de mantemento e persoal que ten que visitar as nosas instalacións conseguiron que se reducira un 2,45% o consumo de auga por traballador-asistente no 2013 con respecto ao 2012. Ademais, o valor de 5,75 m3/traballador-asistente é o máis baixo desde o ano 2008.

07 MAR 2014

Consumo de papel







O consumo de papel no 2013 reduciuse un 17,05% con respecto ao 2012. A implantación de boas prácticas ambientais na aplicación de ferramentas telemáticas e deseñar mellor os cursos a impartir para non ter que realizar tantas impresións foron decisivos nesta baixada.

07 MAR 2014

Xeración de residuos de papel





A xeración de residuos de papel no 2013 reduciuse un 60,10% con respecto ao 2012, debido en parte a que se eliminou menos documentación do arquivo da ACSUG relativa ás convocatorias de avaliación. De todas formas, sen ter en conta este papel eliminado nos dous anos, o consumo se reduciu igualmente un 56,05% no 2013.

Xeración de residuos plásticos





A xeración de residuos de plástico no 2013 reduciuse un 42,72% con respecto ao 2012. A implantación dunha fonte de auga da ACSUG en lugar da utilización de botellas de auga e boas prácticas na compra de materiais influíron nesta notable baixada.

07 MAR 2014 AENOR Asociación Española de

Consumo de tóner

	Ano 2012	Ano 2013
Número de Toners consumidos	24	22
Peso estimado dos toners en Tn	0,0083	0,0038
Total Tn residuos de toners/traballador-asistente	0,0005	0,0002

Vese que no 2013 se reduciu o número de tóner consumidos (8,33% menos) e tamén especialmente o peso dos tóner xerados por traballador-asistente (51,30% menos). O motivo fundamental foi a renovación do equipamento de impresión da ACSUG, substituíndo máquinas antigas con tóner moi pesados por outras con tóner máis lixeiros.

Pilas

A ACSUG realizou xa a substitución de todas as pilas que utilizaban por pilas recargables. Polo tanto non se xeran residuos deste tipo. Sen embargo, como organismo público e buscando facilitar a reciclaxe de pilas usadas, temos nas nosas instalacións un contenedor que pode ser utilizado polos traballadores da ACSUG e outras persoas que acoden ás nosas oficinas.

Indicador total de residuos

A continuación farase un resumo das Tn totais de residuos xerados e tamén en relación á media anual de traballadores.

	Ano 2012	Ano 2013
Tn residuos de papel	1,7330	0,6620
Tn residuos de plástico	0,1200	0,0680
Tn residuos tóners	0,0083	0,0038
Total Tn residuos	**1,9360**	**0,7340**
Tn residuos de papel/media anual trab-asis	0,1300	0,0430
Tn residuos de plástico/media anual trab-asis	0,0091	0,0044
Tn residuos tóners/media anual trab-asis	0,0006	0,0002
Total Tn residuos/media anual trab-asis	**0,1397**	**0,0475**

No 2013 xeráronse un 66% menos de toneladas de residuos por traballador-asistente con respecto ao 2012. Vese claramente que este dato produciuse debido á gran baixada na xeración de residuos de papel.

07 MAR 2014

AENOR Asociación Española de Normalización y Certificación

Consumo total de enerxía renovable

A continuación indicarase a porcentaxe do consumo anual total de enerxía (eléctrica e térmica) consumida pola organización procedente de enerxías renovables. O dato de % de enerxía procedente de fontes renovables é proporcionado pola empresa subministradora.

	Consumo total 2012	Consumo enerxía renovable	% total enerxías renovables
Electricidade (28.2% renovable)	24,01 MWh	6,77 MWh	**22,62% Ano 2012**
Gas propano (0% renovable)	5,93 MWh	0 MWh	

	Consumo total 2013	Consumo enerxía renovable	% total enerxías renovables
Electricidade (28.2% renovable)	22,80 MWh	6,43 MWh	**21,81% Ano 2013**
Gas propano (0% renovable)	6,69 MWh	0 MWh	

Tendo en conta a relación entre o % de enerxías renovables no 2013 e 2012, no 2013 é un 0,81% menor que no 2012.

Biodiversidade

A ACSUG ten unhas instalacións de 510 metros cadrados. Co cal tendo en conta a media anual de traballadores-asistentes a porcentaxe de ocupación do chan é a seguinte:

Media persoal ACSUG 2012: 16,14
Porcentaxe ocupación 2012: 31,59 m2/traballador-asistente

Media persoal ACSUG 2013: 15,45
Porcentaxe ocupación 2013: 33,01 m2/traballador-asistente

No 2013 a porcentaxe de ocupación do chan foi un 4,50% maior que no 2012.

07 MAR 2014

AENOR Asociación Española de Normalización y Certificación

Emisións á atmosfera

A ACSUG conta cun sistema de calefacción con dúas caldeiras que funcionan con gas propano. A ACSUG ten firmado cunha empresa un contrato de mantemento que inclúe unha visita e revisión anual das caldeiras.

En relación ás emisións anuais totais de Gases de Efecto Invernadoiro (GEI), preséntanse os seguintes datos relacionados coa combustión do propano no sistema de calefacción da ACSUG.

	2012	2013
Toneladas equivalentes de CO2	1439,35	1612,44
% variación	12,73% máis no 2013	

Nota: Para o cálculo do consumo de propano así como para o cálculo das toneladas de GEI utilizáronse os factores de conversión do IDAE de enerxía primaria e factor de emisión de CO2:

1 tep=1,794 m3 de propano	1,05 tep=12,209 MWh	tCO2/tep EP=2,805

Xeración de ruído

Na realización das súas actividades a ACSUG non xera ruído que se propague ao exterior das instalacións.

07 MAR 2014

AENOR

8. DATOS DA VALIDACIÓN DA DECLARACIÓN AMBIENTAL

Datos do verificador: A presente declaración ambiental foi presentada durante a auditoría celebrada na ACSUG os días 29 e 30 de xaneiro de 2014, á Asociación Española de Normalización y Certificación (AENOR), verificador ambiental acreditado por ENAC con número de verificador ES-V-0001.

Prazo para a seguinte declaración: A información da presente declaración ambiental se actualizará anualmente, presentándose para a súa validación ante o organismo competente.

DECLARACIÓN MEDIOAMBIENTAL VALIDADA POR

AENOR Asociación Española de Normalización y Certificación

DE ACUERDO CON EL REGLAMENTO (CE) Nº 1221/2009

Nº DE ACREDITACIÓN COMO VERIFICADOR MEDIOAMBIENTAL ES-V-0001

Con fecha: 07 MAR 2014

Firma y sello:

AENOR Asociación Española de Normalización y Certificación

Avelino BRITO MARQUINA
Director General de AENOR